

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o día doce de setembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto e tramitación urxente na contratación da produción de espectáculos das festas patronais de san froilán 2011 e a apertura do procedemento de adxudicación.
- Acórdase a probación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e o procedemento de adxudicación na contratación do alugamento dos equipos de son e iluminación para a realización dos concertos do San Froilán e para os actos da lectura do pregón, do traxe rexional e a ofrenda a Rosalía de Castro.

Lugo, 13 de setembro de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Doposo García